

MAY BRITT MOSER

May-Britt Moser nace en 1963 en Fosnavag, Noruega. Estuda Psicoloxía na Universidade de Oslo, onde coñece a Edvard Moser, con quen compartía unha paixón: o estudo do cerebro e con quen anos máis tarde tamén compartirá a súa vida.

No ano 1991 o matrimonio Moser obtivo unha bolsa de doutoramento en Neurofisioloxía e, catro anos máis tarde, May-Britt doutórase nesta disciplina.

Despois de estadías na Universidade de Edimburgo e no laboratorio de John O'Keefe en Londres, a parella regresa a Noruega para traballar na Universidade de Ciencias e Tecnoloxía de Trondheim. Alí, no ano 2005, descobre nunha zona preto do hipocampo, as “células en rede” que, xunto coas células de lugar descubertas por O'Keefe en 1971, crean un sistema de posicionamento do cerebro, un GPS interno que permite orientarse con precisión no espazo.

O coñecemento deste sistema de orientación abre unha nova porta para a investigación médica, en especial para a enfermidade do Alzheimer, que ten na desorientación espacial un dos seus síntomas principais e da que se sabe que se inicia por unha alteración do hipocampo.

No ano 2014, May-Britt Moser recibe o Premio Nobel de Fisioloxía ou Medicina, compartido co seu home e con John O'Keefe, polos seus descubrimentos de células que constitúen un sistema de posicionamento no cerebro.

May-Britt é cofundadora do Centro para a Bioloxía da Memoria da Universidade de Ciencias e Tecnoloxía de Trondheim.

No ano 2007, a Fundación Kavli de Oxnard, en California, concédelle á parella a construción e dirección dun dos dezasete Institutos Kavli dispersos polo mundo e que se converteu nun polo de atracción para especialistas en Neurociencias de sistemas de todos os países.

Na actualidade, May-Britt é catedrática de Neurociencia na Universidade de Ciencias e Tecnoloxía e directora do Centro para a Computación Neuronal de Trondheim.

Lucía Crespo Gómez

1º Bacharelato B